



CONCERTO

Domingo 26 de Decembro 8:30 da tarde
Igrexa Parroquial de Ribadeo

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

(Asociación «Amadores da Música»)

Aquí como en Viena

PROGRAMA

Pablo Sorozábal
KATIUSKA II

Johann Strauss (fillo)
DIÁRIOS DA MAÑAN
(Valses)

Franz Lehár
A VIUVA ALEGRE

Johann Strauss (pai)
O DANÚBIO AZUL
(Valses)

Johann Strauss (pai)
MARCHA RADETZKY



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO

Colabora: Parróquia de Santa M.ª do Campo

A Banda Municipal de Ribadeo son:

“Un minuto antes de que Europa estallara, a gente bailaba o vals en Viena, téñoo lido”. A leitura de Juan José Millás é corroborábel. A veracidade da observación e, en triste consecuencia, o parangón fraccional entre a situación social de Europa hai medio século e a de agora mesmo, non quita que desde a humildade da perifería ensaiemos unha emulación estritamente musical do célebre concerto de Ano Novo da Orquestra Filarmónica de Viena. Sen galas excesivas, sen ostentacións extra-artísticas, con entrada libre, coa Banda Municipal de Ribadeo.

Sen Lorin Maazel, claro, que este ano volvera coller o violino para tirar das cordas dos filarmónicos vieneses logo de lles dar a entrada de *O Danúbio azul* co arco. Os melhores directores de orquestra europeos teñen conducido o concerto de Ano Novo. Tamén o desaparecido Herbert von Karajan, que o fixo en 1987; despois daquela, dixo: “Cando me perguntaron se me agradaria dirixir o concerto aceptei con xúbilo a invitación. Tratábase de valses e polkas que levamos no sangue. Mais despois non pensei durante tres semanas senón na música que habíamos tocar. Quisen saber que se agachaba detrás, e non pensei noutra cosa que nos valses de Johann Strauss pai e fillo. Tiña esquecido o decurso desta música. Tiñaa literalmente debaixo da pel. No primeiro ensaio, dirixin de xeito totalmente distinto esa música que tantas e tantas veces tiña interpretado”.

Nós selecionamos dous dos valses de Strauss cuxa transcripción para orquestra de vento, para Banda, asimila mellor a densidade e a dozura da sonoridade sinfónica: *O Danúbio azul* e *Diários da mañán*, transcritos polo grande mestre do bandismo español Emilio Cebrián Ruiz. Tamén en Viena, a carón das populares páxinas straussianas, interprétanse seleccións instrumentais de operetas de autores contemporáneos dos membros da dinastía Strauss; nos, *A viuva alegre*, de Franz Lehár, coa sua mazurka, as suas marchas e os seus valses lentos. Nen que dicir ten que non nos amolaria en absoluto que o público batiese palmas a tempo nos fortes da *Marcha Radetzky*, de Johann Strauss pai, a insustituíbel peza final do concerto vienes e noso.

Non, a lúcida e pesimista observância dalguns intelectuais de hoxe verbo do que acontece en Europa non nos pode facer esquecer o decurso dunha música que levamos na pel e tamén no sangue. Como sexa, feliz 1994!

Frautas

Goyi Gómez Alonso (tamén *Frautín*)
Clara Díaz Vijande
Charo Rodríguez Costoya

Oboe

Hugo García Presno

Requinto

Elisa Rodríguez Costoya

Clarinetes

Mónica Villar Rodríguez
María Fernández Ramil
Fátima Solloso Irimia
Rubén Fernández Fernández
Antonia Valle Iglesias
Hortensia Irimia Pimentel
Mara Rodríguez Cancio
Luisa María Sanjurjo Santar
Antonio Gregorio Montes
Priscila Navarret Rodríguez
Ana María Rico Teijeiro
María Villarino López

Saxofón soprano

Ana Belén Martínez Rodríguez

Saxofóns altos

Xavier Penelo Riva
Juan Rodríguez Rañón
Bibiana Riaño Méndez
Belinda Sanjurjo Reigosa
Arancha Pérez González

Saxofóns tenores (tamén barítono)

Aurora López Rodil
Jesús Sierra Fernández de Soto
José Luis Alvarez Braña

Fliscornos

Rubén Solloso Irimia
Diego Riaño Méndez

Trompetas

Víctor M. Sanjurjo Rio
David Fernández Marcos
Noel Fernández Marcos
Pablo Fernández Feijoo

Trompas

Visi Docobo López
Olaia Fernández Ramil
Almudena Pulpeiro Peña

Trombóns

Aurora Fernández Peña
Fernando Rodríguez Raño
Rocío Méndez Iglesias
Antonio Moirón Alvarez

Bombardinos

Beatriz Lombao Gómez
Xavier Iglesias López

Tubas

Víctor Manuel Sanjurjo Láncara
Luís Fernández Dacosta
Daniel Rodríguez Saavedra

Percusión

Xavier Fernández Fernández
Marcos Rodríguez Rodríguez
César López Martínez
Diego Roca Martínez
David Fernández Feijoo

Director

HERNÁN NAVAL